

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEP DE SABARÍS
CURSO: 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS DA NATUREZA
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facer predicións sobre sucesos naturais, integrar datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.
Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.	Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.
Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.	Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.	Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo. Identifica os elementos dun circuío eléctrico e explica algúns efectos da electricidade

**Estes criterios e estándares de aprendizaxe constitúen unha estimación do que se pretende acadar. Porén, poderán verse reducidos, ampliados ou adaptados en función da evolución e condicións da aula.*

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Recompilación de materiais, foros e aportacións na aula virtual.</p>
	<p>Instrumentos: Análise das producións do alumnado (traballos, resolución de exercicios, proxectos, experiencias...)</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final será o resultado da media das cualificacións obtidas no 1º e 2º trimestre. Así mesmo, valorarase a avaliación do traballo do 3º trimestre para a recuperación de materias suspensas e unha posible mellora da cualificación media obtida.</p>
Alumnado de materias pendentas	<p>Criteria de avaliación para a recuperación do 1º e 2º trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde. - Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados etc. - Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida repercusións para a saúde. - Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.
	<p>Para a recuperación se seguirán os seguintes criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participación, esforzo e actitude cara a materia 20% - Limpeza, organización e estruturación das ideas 20% - Riqueza de contidos e elaboración de traballos 60%
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Entrega de traballos Análise das producións do alumnado</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades do 3º trimestre se levan a cabo por medio dunha aula virtual. Neste espazo súbense, semanalmente, as actividades e tarefas a realizar. Estas poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none">- Realización de exercicios do libro de texto- Actividades interactivas online- Tarefas de expresión escrita- Lectura de artigos- Actividades de repaso- Foros- Realización de experiencias
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Para levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe nas circunstancias actuais, conto con diferentes medios informáticos. En primeiro lugar, a maior carga de traballo se realiza por medio da aula virtual, espazo no que subo actividades semanais para que o alumnado poida ir facendo as entregas a medida que lles é posible. Neste espazo poden formular dúbidas, enviar mensaxes privadas e obter o meu feedback e correccións e incluso manter o contacto co resto de compañeiros por medio de foros. De modo adicional, empregamos frecuentemente o servizo de mensaxería de ABALAR para establecer comunicación cos pais e nais. Tamén é moi frecuente o uso do correo electrónico como substitución da aula virtual en algúns casos nos que as súas limitacións fan imposible a entrega de traballos por parte dos estudantes. Por último, en determinadas ocasións é fundamental establecer comunicación telefónica co alumnado e familia.</p> <p>Na miña aula todo o alumnado conta, actualmente, cos medios necesarios para seguir o proceso de aprendizaxe, grazas á prestación de ordenadores por parte do centro a varios alumnos/as que non dispoñían destes recursos. Polo tanto, as dificultades xa non radican na falta de medios materiais, senón na deficiente conexión a internet e na falta de coñecementos informáticos, principalmente.</p>
Materiais y recursos	<p>Os materiais e recursos son limitados, xa que é necesario adaptarse á diversidade de situacións nas que se atopa o alumnado. Principalmente, os materiais imprescindibles son os seguintes: ordenador, cámara de fotos, teléfono móbil ou escáner, conexión a internet, libreta e material escolar.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Co obxectivo de que o alumnado e as familias coñezan a presente adaptación, farase uso dos servizos de mensaxería de ABALAR.
Publicidade	Este documento atoparase publicado na páxina web do centro.